

## ANEXO: Normas de estilo

### PORTADA:

A portada axustarase ao seguinte modelo e estará redactada na lingua en que se presenta o traballo:

<p>Programa de doutoramento en <i>Estudos lingüísticos</i></p> <p><i>PLANO DE INVESTIGACIÓN DA TESE</i></p> <p>TÍTULO COMPLETO DA TESE</p> <p>DOUTORANDO/A:</p> <p>TITOR: DIRECTOR DA TESE: ANO ACADÉMICO: Universidade de Vigo/A Coruña</p>
--

### TEXTO:

- Tipo e tamaño de fonte: Times New Roman (12 pt)
- Entrelíña: 1,5
- Aliñamento: Xustificado
- Tamaño de páxina: DIN-A4
- Marxes inferior e superior: 2,5 cm
- Marxes dereita e esquerda: 3 cm

### CAPÍTULOS E APARTADOS:

Irán identificados coas súas epígrafes correspondentes, separados por unha liña en branco antes e despois, e numeraranse sucesivamente segundo o sistema decimal seguinte:

*Capítulos:* Terán unha numeración continua que empeza polo dígito simple (exemplo: 1.) e estarán en Times New Roman (12 pt), en maiúsculas e grosa.

*Apartados:* Terán unha numeración continua con dous díxitos (exemplo: 1.1) e estarán en Times New Roman (12 pt), en cursiva e grosa.

*Subapartados:* Terán unha numeración continua con tres díxitos (exemplo: 1.1.1) e estarán en Times New Roman (12 pt) e en cursiva.

## FIGURAS, TÁBOAS E NOTAS:

*Figuras:* Enténdese por “figura” calquera representación icónica. As figuras numeraranse correlativamente e virán acompañadas dun pé cun título explicativo do contido da figura (exemplo: “Figura 1: Título da figura”).

*Táboas:* Enténdese por “táboa” calquera presentación de datos organizado en filas e columnas. As táboas numeraranse correlativamente e virán acompañadas dun pé cun título explicativo do contido da táboa (exemplo: “Táboa 1: Título da táboa”).

*Notas:* Terán numeración automática, aparecerán a pé de páxina e estarán en Times New Roman (10 pt).

## CITAS E REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

*Citas textuais de dúas liñas como máximo:* Inclúranse no corpo do texto, marcadas entre comiñas e seguidas polo apelido do (dos) autor(es), o ano de publicación e o número da(s) páxina(s) entre parénteses. Exemplo: corpo do texto “cita textual breve entre comiñas” (Apelido1 e Apelido2, 2007: 121-122).

*Citas textuais superiores a dúas liñas (e ata un máximo de 10/12 liñas):* inseríranse nun parágrafo á parte cun sangrado esquerdo de 2 cm. e en cursiva. Ao final da cita, entre parénteses, aparecerán o apelido do (dos) autor(es), o ano de publicación e o número da(s) páxina(s) entre parénteses. Exemplo: (Apelido1 e Apelido2, 2007: 121-122).

*Referencias bibliográficas no texto:* inseríranse no texto as referencias bibliográficas das ideas, estudos ou procedementos nos que se apoia o traballo mencionando o (os) autor(es) e o ano de publicación. Exemplos: “Un estudo recente de Autor1 e Autor2 (ano) demostrou...”, ou “En 2007, Autor1 e Autor2 demostraron que...”, ou “Un estudo (Autor1 e Autor2, Ano) demostrou...”.

## BIBLIOGRAFÍA:

Esta epígrafe recollerá tanto os estudos citados no traballo como (en sección á parte) aquelas referencias bibliográficas que se consideran fundamentais para a elaboración da tese, foran ou non consultadas.

A bibliografía aparecerá despois do final do texto, separada por unha liña en branco. Irá ordenada alfabeticamente por autor e ano da primeira edición do orixinal segundo os modelos:

Brown, Gilian e George Yule (1983): *Discourse Analysis*. Cambridge: Cambridge University Press. Citado pola edición española: *Análisis del Discurso*. Madrid: Visor, 1993.

Fernández Pérez, Milagros (1999): *Introducción a la lingüística*. Barcelona: Ariel.

Gordon, Raymond G., Jr (ed.) (2005): *Ethnologue: Languages of the World*. Dallas, Texas: SIL International. Versión electrónica: <http://www.ethnologue.com>.

Herrero Blanco, Ángel (2002): “La investigación lingüística de las lenguas de signos”. *LynX. Panorámica de Estudios Lingüísticos*, 1: 9-47.

- Ruiz García, Martha Elizabeth (2001): *El español popular de Chocó, Colombia: evidencia de una reestructuración parcial*. Tesis doctoral. Ann Arbor: University Microfilm International.
- Traugott, Elizabeth C. (1982): "From propositional to textual and expressive meanings: Some semantic-pragmatic aspects of grammaticalization". En Winfred P. Lehmann, e Yakov Malkiel (eds): *Perspectives on historical linguistics*. Amsterdam: John Benjamins, 245-271.
- Wagner, Claudio (1991): "Las lenguas indígenas de América (lenguas amerindias)". *Documentos Lingüísticos y Literarios*, 17: 30-37. Edición electrónica: [www.humanidades.uach.cl/documentos\\_linguisticos/document.php?id=350](http://www.humanidades.uach.cl/documentos_linguisticos/document.php?id=350).